

«Meniños representa o compromiso firme coa infancia e coas familias»

Esta ONG é unha entidade social de longa traxectoria con programas de intervención directa coas familias, atención terapéutica e proxectos educativos e de sensibilización

► TEXTO: CONCHA GÓMEZ
FOTOS: CEDIDAS

Meniños é unha entidade social de proximidade que leva desde 1996 desenvolvendo programas de intervención directa con familias, atención terapéutica e proxectos educativos e de sensibilización, actualmente en Galicia e Asturias. O seu traballo na área de intervención enfócase no potencial de cambio das familias. Meniños pón acento no potencial transformador das familias, equipándolas con ferramentas axeitadas para superar as súas dificultades e reforzar as súas habilidades parentais, encarando así os desafíos do futuro con maior seguridade. Búscase que a intervención que se realiza sexa transformadora, e non paliativa. Neste senso, Meniños procura non só aliviar as dificultades presentes, senón tamén impulsar cambios duradeiros. A atención terapéutica traballa a recuperación psicolóxica activando procesos de reflexión e cambio, potenciando, habilitando, e xerando competencias e habilidades que axudan á persoa a recuperar a súa calidade de vida.

O equipo de profesionais da psicología crea un contexto de seguridade e de prevención de novas situaciones de traumatización.

Dende a súa creación, Meniños veu desenvolvendo programas de intervención e prevención en Galicia e Asturias.

Grazas ao apoio de moitas persoas sociais, institucións, empresas e doantes, Meniños traballa para que cada neno e nena encontre a seguridade e o afecto que só lle pode proporcionar unha contorna familiar. «Desde 1996 atendemos nos nosos Programas de Intervención un total de 10.024 nenos e nenas e 7.925 familias nas comunidades de Galicia e Asturias», explican desde a fundación.

Ademais, participaron 132.037 nenos e nenas de 1.056 Centros Educativos e 8.364 docentes nos nosos Proxectos Educativos e Preventivos.

No que atinxé á provincia de Pontevedra, no ano 2023, os programas de Meniños beneficiaron a un total de 505 familias e 739 nenos e nenas,



Meniños traballa para que cada neno e nena atope a seguridade e o afecto que só pode atopar na contorna familiar.

Como poden colaborar as empresas con Meniños?

Meniños abre as súas portas a todos os axentes sociais que desexen implicarse nun labor en prol da infancia e das familias. Meniños ofrece múltiples vías para que as empresas canalicen a súa responsabilidade social corporativa, xa sexa a través de apoios económicos, colaboración en proxectos específicos ou participación en voluntariado corporativo. Por exemplo, as empresas poden

brindar apoio económico como socio colaborador, a través dunha cantidade periódica ou mediante unha doazón puntual non finalista.

Por outra parte, as empresas poden participar no financiamento dun proxecto específico ou colaborar mediante a cesión de produtos, servizos ou infraestruturas que faciliten o desenvolvemento dos programas.

Asemade, as empresas tamen poden colaborar con Meniños formando parte do Voluntariado Corporativo. Máis información sobre esta ONG na páxina web: www.meninos.org.

evidenciando o alcance e impacto da súa labor.

No ámbito educativo, destacan dous proxectos en curso postos en marcha pola fundación. O primeiro deles, 'Colexio do Benquerer', é un

MÁIS DE 500 FAMILIAS DA PROVINCIA SE BENEFICIARON DOS PROGRAMAS DE MENIÑOS NO ANO 2023

programa de educación afectivo-sexual dirixido aos últimos cursos de educación primaria, que no 2023 chegou a 23 centros educativos

pontevedreses, con 59 docentes e 1.079 estudiantes participantes.

O segundo programa denominado 'Lexit, lectura para o éxito educativo', encárgase de axudar a nenos e nenas con dificultades académicas a mellorar as súas habilidades lectoras.

Neste último proxecto, con participación de voluntariado, colaboraron tres centros educativos de Pontevedra, con 36 voluntarios e 48 nenos e nenas beneficiados por esta fermosa iniciativa.

Ademais, a fundación dedica un importante esforzo á investigación e a difusión do coñecemento, innovando e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura de bo trato á infancia e á adolescencia..

COMPROMISO SOCIAL
construccionesramirez.com

R RAMÍREZ
CONSTRUCCIONES